

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

13727 *Real decreto 1044/2013, do 27 de decembro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidade.*

O artigo 1 do Real decreto lei 15/2013, do 13 de decembro, prevé a creación, con data do 31 de decembro de 2013, da entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidad, como organismo público dos previstos no artigo 43.1.b) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, mediante a escisión da rama de actividade de construción e administración das infraestruturas ferroviarias de alta velocidade e outras que se lle atribúan e estean encomendadas ata a data da súa creación ao Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF).

ADIF-Alta Velocidad asumirá as funcións asignadas ao Administrador de Infraestructuras Ferroviarias pola Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, en relación con aquelas infraestruturas ferroviarias cuxa titularidade lle foi atribuída, así como en relación con aquelas que se lle atribúan nun futuro.

A entidade, de conformidade co establecido no artigo 1 do Real decreto lei 15/2013, do 13 de decembro, e no artigo 20 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, estará adscrita ao Ministerio de Fomento e gozará de personalidade xurídica propia e diferenciada da do Estado, plena capacidade de obrar e patrimonio propio, e rexeráse polo establecido na súa lei de creación; na Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario; na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado; nas normas de desenvolvemento de ambas; neste estatuto e nas demais normas que lle sexan de aplicación.

Para os efectos do disposto no artigo 44 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, considerarase que existe sucesión de empresas entre o Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) e ADIF-Alta Velocidad. Desta maneira, o persoal laboral de ADIF que viñese atendendo as actividades e servizos que, a partir da entrada en vigor do Real decreto lei 15/2013, do 13 de decembro, pasen a ser asumidos por ADIF-Alta Velocidad, pasará a integrarse nesta última entidade nos termos establecidos no artigo 1 do dito real decreto lei.

Así mesmo, na norma de creación da dita entidade prevese que, mediante orde do ministro de Fomento e do ministro de Facenda e Administracións Públicas, se determinará que activos e pasivos dos que pertencían ou estaban adscritos ao Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) pasarán a ser de titularidade de ADIF-Alta Velocidad.

En todo caso, incorporaranse ao patrimonio de ADIF-Alta Velocidad as infraestruturas ferroviarias cuxa titularidade se lles atribuíse e todos os bens mobles e inmobles do Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) que se consideren convenientes para garantir a sustentabilidade financeira da nova entidade, así como a débeda asumida polo Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) en relación cos ditos bens.

O artigo 1.1 do Real decreto lei 15/2013, do 13 de decembro, habilita para a aprobación do estatuto da entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidad, polo que se determinarán a súa estrutura organizativa básica, os seus órganos de dirección, con especificación da súa composición e atribucións e, en xeral, o seu réxime xurídico.

Así mesmo, como consecuencia da creación da entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidad por escisión da rama de actividade de ADIF de construción e administración das infraestruturas de alta velocidade, xorde a necesidade de modificar o estatuto de ADIF co fin de adaptar este á nova orde de cousas. Neste sentido, mediante a disposición derradeira primeira deste real decreto modifícanse os artigos 1, 3, 4, 6, 9, 11, 13, 16, 17, 23, 27, 30, 31, 33, 34 e 40 do dito estatuto.

Na súa virtude, por iniciativa da ministra de Fomento e por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de decembro de 2013,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do estatuto da entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidad.*

Apróbase o estatuto da entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidad, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional primeira. *Comezo das actividades de ADIF-Alta Velocidad.*

Conforme o disposto no artigo 1 do Real decreto lei 15/2013, do 13 de decembro, con data do 31 de decembro de 2013 créase a entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidad mediante a escisión da rama de actividade de construción e administración das infraestruturas ferroviarias de alta velocidade e outras que se lle atribúan e estean encomendadas ata esa data á entidade pública empresarial Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF).

A partir da súa data de creación, ADIF-Alta Velocidad asume as funcións asignadas ao administrador de infraestruturas ferroviarias na Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, e nas súas normas de desenvolvemento, en relación coas infraestruturas ferroviarias cuxa titularidade lle fose atribuída, así como coas que se lle atribúan nun futuro.

Disposición adicional segunda. *Sucesión de empresas.*

1. O persoal laboral de ADIF que viñese atendendo as actividades e servizos que, a partir da entrada en vigor do Real decreto lei 15/2013, do 13 de decembro, pasan a ser asumidos por ADIF-Alta Velocidad, pasará a integrarse nesta última entidade. A adscrición do dito persoal a ADIF-Alta Velocidad efectuarase mediante orde do ministro de Fomento, logo de informe favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

A dita orde ministerial ditarase logo de audiencia dos representantes dos traballadores da primeira das entidades citadas.

2. Para os efectos do disposto no artigo 44 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, entenderase que con data do 31 de decembro de 2013 se produce unha sucesión de empresas entre a entidade pública empresarial Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) e a entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidad. Para ese efecto, os traballadores da entidade pública empresarial Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) integraranse na entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidad atendendo as actividades e servizos que viñesen prestando naquela, que pasan a ser asumidos por ADIF-Alta Velocidad de acordo coa súa norma de creación.

O Ministerio de Fomento velará, especialmente, polo adecuado cumprimento do previsto no punto e parágrafo anteriores, promovendo a interlocución entre as entidades e os representantes dos colectivos de traballadores afectados pola súa aplicación. Así mesmo, tutelará o respecto das condicións laborais do persoal da entidade mentres estas non sexan substituídas mediante a correspondente negociación colectiva.

As persoas que tivesen a condición de representantes legais dos traballadores no Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) e que pasen a integrarse en ADIF-Alta Velocidad seguirán exercendo as súas funcións nos mesmos termos e baixo as mesmas condicións que rexían con anterioridade.

3. A creación da entidade e o seu funcionamento levaranse a cabo sen incremento de dotacións de persoal, das súas retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición adicional terceira. *Habilitacións de persoal.*

O persoal cualificado do Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) que viñese exercendo funcións relacionadas coa xestión da circulación do tráfico ferroviario e coa seguridade na circulación no momento da súa adscrición a ADIF-Alta Velocidad entenderase habilitado para o desempeño destas a partir desa data, sen que iso supoña ningunha modificación das súas condicións laborais e salariais.

Disposición adicional cuarta. *Continuidade das encomendas feitas á entidade pública empresarial Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF).*

1. As atribucións e encomendas de construción ou administración de infraestructuras ferroviarias de alta velocidade que, con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, fosen efectuadas a favor da entidade pública empresarial Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) entenderanse, a partir da dita data, referidas a ADIF-Alta Velocidad, que pasará a exercer a posición que, respecto de tales atribucións e encomendas, lle correspondía ao Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF), entendéndose cumprido, para ese efecto, o disposto no artigo 6.1 do estatuto que se aproba por este real decreto en canto á necesaria resolución do Ministerio de Fomento para o establecemento ou modificación de liñas ferroviarias de alta velocidade ou de tramos delas. ADIF-Alta Velocidad exercerá igualmente, respecto das encomendas de construción, as facultades de aprobación e supervisión dos correspondentes proxectos de construción, da súa reformulación e, de ser o caso, de certificación do cumprimento, por estes, da declaración de impacto ambiental.

Así mesmo, cantas encomendas de xestión fosen realizadas a favor de Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) en relación coas infraestructuras ferroviarias de alta velocidade entenderanse, na mesma data, realizadas a favor de ADIF-Alta Velocidad, ao cal lle corresponderá o exercicio das citadas actividades encomendadas.

2. Os expedientes de gasto relacionados coa administración das infraestructuras ferroviarias atribuídas a ADIF-Alta Velocidad, que fosen iniciados pola entidade pública empresarial Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) e que estean pendentes de resolución na data de efectiva constitución da entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidad, continuarán a súa tramitación por parte desta última.

A entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidad quedará subrogada en todos os contratos relativos ás materias que constitúen o seu obxecto que fosen celebrados pola entidade pública empresarial Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF).

Para os efectos desta subrogación, ADIF-Alta Velocidad elaborará, baixo a supervisión do Ministerio de Fomento, unha acta na cal se precisará a situación concreta de execución dos contratos respecto dos cales se produza a subrogación, indicando expresamente as cantidades pendentes de pagamento ou de cobramento.

Respecto dos expedientes de contratación relativos ás materias que constitúen o obxecto de ADIF-Alta Velocidad, que fosen iniciados polo Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) e que, na data de entrada en vigor deste real decreto, estean en tramitación, as actuacións proseguirán no estado en que se encontren. Para este efecto, ADIF-Alta Velocidad quedará subrogado na posición que desempeñaba Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) en tales expedientes.

Disposición adicional quinta. *Plan de continxencias.*

Considérase que, en 31 de decembro de 2013, a entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidad mantén a vixencia do plan actual de continxencias de ADIF de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario.

Non obstante o anterior, no prazo máximo de seis meses a partir da data indicada, ADIF-Alta Velocidad deberá presentar o seu plan de continxencias ao Ministerio de Fomento para a súa aprobación.

Disposición adicional sexta. *Exercicio económico.*

De conformidade co previsto no punto 9 do artigo 1 do Real decreto lei 15/2013, do 13 de decembro, a data de efectos contables da escisión da rama de actividade prevista nel será o día 1 de xaneiro de 2013. O Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) e ADIF-Alta Velocidad recoñecerán nos seus rexistros contables, na data de creación da nova entidade pública empresarial, os efectos retroactivos da escisión, de acordo cos criterios que se fixen na orde do ministro de Fomento prevista no punto 5 do mencionado artigo.

En consecuencia, o primeiro exercicio económico de ADIF-Alta Velocidad comezará o 1 de xaneiro de 2013 e finalizará o 31 de decembro dese mesmo ano.

En todo caso, o previsto no parágrafo anterior non supón a asunción por parte de ADIF-Alta Velocidad de obrigas fronte a terceiros con anterioridade á súa creación. Así mesmo, as transaccións que, como consecuencia do previsto no parágrafo anterior, deban rexistrar na súa contabilidade ambas as entidades públicas empresariais para recoñeceren os efectos da escisión con data do 1 de xaneiro de 2013, non devindicarán ningún tributo, coa excepción da súa consideración para os efectos da determinación da base imponible do imposto sobre sociedades de cada unha das entidades correspondente ao exercicio 2013.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do estatuto da entidade pública empresarial Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF), aprobado polo Real decreto 2395/2004, do 30 de decembro.*

O estatuto da entidade pública empresarial Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF), aprobado polo Real decreto 2395/2004, do 30 de decembro, modifícase da seguinte maneira:

Un. A referencia á Secretaría Xeral de Infraestructuras do Ministerio de Fomento, contida no artigo 1.1, terá que se entender feita ao ministro de Fomento.

Dous. A alínea c) do número 1 do artigo 3 queda redactada como segue:

«c) A administración das infraestructuras ferroviarias da súa titularidade.»

Tres. A alínea d) do número 1 do artigo 3 queda redactada como segue:

«d) O control e a inspección da infraestructura ferroviaria, das súas zonas de protección e da circulación ferroviaria que sobre ela se produza.»

Catro. A alínea m) do número 1 do artigo 3 queda redactada como segue:

«m) A proposta de modificación e actualización dos canons por utilización das infraestructuras ferroviarias que administre, a xestión, liquidación e recadación dos que se devindiquen pola utilización das ditas infraestructuras, así como, de ser o caso, o cobramento das tarifas polos servizos adicionais, complementarios e auxiliares.»

Cinco. Elimínase o número 1 do artigo 4 e os números 2, 3 e 4 pasan a ser os números 1, 2 e 3, respectivamente.

Seis. Modifícase o artigo 6 no seguinte sentido:

a) O número 1 queda redactado como segue:

«1. A resolución do Ministerio de Fomento que, de conformidade co disposto no artigo 6 da Lei do sector ferroviario, determine o establecemento ou modificación das liñas ferroviarias integrantes da rede ferroviaria de interese xeral ou de tramos dela, establecerá se a aprobación dos proxectos básicos e de construción e a execución das obras será realizada por ADIF.»

b) Suprímese o número 3.

c) O número 4 pasa a ser o número 3.

Sete. O artigo 9 queda redactado como segue:

«Artigo 9. *Ámbito.*

1. A administración das infraestruturas ferroviarias integradas na rede ferroviaria de interese xeral ten por obxecto o mantemento e a explotación daquelas, así como a xestión dos seus sistemas de control, de circulación e de seguridade.

2. ADIF é competente para manter e explotar as infraestruturas ferroviarias das cales é titular, así como para xestionar os seus sistemas de control, de circulación e de seguridade.»

Oito. O artigo 11 queda redactado como segue:

«Artigo 11. *Explotación da infraestrutura ferroviaria de alta velocidade e xestión dos sistemas de control, de circulación e de seguridade.*

1. ADIF realizará a explotación da infraestrutura ferroviaria da súa titularidade conforme o previsto na Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, no seu desenvolvemento regulamentario en relación coa administración das infraestruturas ferroviarias e nas demais normas que resulten de aplicación.

2. Conforme o previsto no artigo 22.4 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, as funcións inherentes á xestión do sistema de control, de circulación e de seguridade non se poderán encomendar a terceiros, coa única excepción do disposto no artigo 1.7 do Real decreto lei 15/2013, do 13 de decembro. Entenderase que as ditas funcións son as que se refiren á prestación do servizo tendente a garantir a eficacia do sistema e a súa plena fiabilidade.»

Nove. Modifícase o artigo 13 no seguinte sentido:

a) Elimínase o terceiro parágrafo do número 1.

b) Os números 2 e 3 quedan redactados como segue:

«2. O Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) contratará conforme o previsto na Lei 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais. Nos supostos en que non sexa de aplicación esta lei, o Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) acomodará a súa actuación ás instrucións internas que deberá aprobar a dita entidade para a adxudicación de contratos non suxeitos a regulación harmonizada, conforme o disposto no artigo 191 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Non obstante o anterior, o Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) axustará a súa actividade ás normas establecidas para as administracións públicas no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, na preparación, adxudicación, cumprimento, efectos e extinción dos contratos de obras de construción ou modificación das infraestructuras ferroviarias, coa excepción das obras de

electrificación e sinalización, o mantemento da infraestrutura ferroviaria e a xestión dos sistemas de control, circulación e seguridade do tráfico.

3. Naqueles contratos en que, de conformidade co punto anterior, se inclúan prestacións cuxa contratación se encontre sometida ao texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, xunto con prestacións cuxa contratación se encontre suxeita á Lei 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais, e/ou xunto con prestacións cuxa contratación se rexa polas instrucións internas que aprobe a entidade conforme o disposto no artigo 191 do dito texto refundido, o Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) atenderá en todo caso, para a determinación das normas que deba observar na preparación e adjudicación, efectos e extinción dos citados contratos, ao carácter da prestación que teña máis importancia desde o punto de vista económico.

Cando nestes supostos en que se pretende a execución de varias actividades se poñan de manifesto, mediante o documento de avaliación previa a que se refire o artigo 134 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, as circunstancias a que se refire o citado artigo 134, e que as fórmulas alternativas de contratación previstas na normativa que resulte de aplicación, segundo as regras anteriores, non permiten a satisfacción das finalidades e obxectivos proxectados, o Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) poderá realizar a construción ou administración de infraestructuras ferroviarias mediante a celebración de contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado definidos no artigo 11 do texto refundido da Lei de contratos do sector público. Estes contratos rexeranse, coas especialidades previstas nesta lei, polas normas que resulten de aplicación segundo o sinalado no parágrafo primeiro deste número 3, salvo nos supostos en que se inclúa, entre as actuacións que se van realizar, a execución de obras de plataforma e/ou de montaxe de vía, en que o Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) axustará a súa actividade ás normas establecidas para as administracións públicas no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, relativas aos contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado, con independencia da porcentaxe que representen cada unha das prestacións desde o punto de vista económico respecto do orzamento total do contrato.

Nos contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado, o prazo de execución do contrato virá determinado en función da amortización dos investimentos ou das fórmulas de financiamento que se prevexan, sen que resulte de aplicación a limitación prevista no artigo 314 do citado texto refundido da Lei de contratos do sector público; no entanto, a duración destes contratos en ningún caso poderá exceder os corenta anos. Así mesmo, en todos aqueles contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado cuxo valor estimado sexa igual ou superior a doce millóns de euros, a aprobación do expediente exixirá con carácter previo a autorización do Consello de Ministros e o informe preceptivo e vinculante do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas que se pronuncie sobre as repercusións orzamentarias e os compromisos financeiros que comporta, así como sobre a súa incidencia no cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.»

c) Engádesse un novo número 4 coa seguinte redacción:

«4. O Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) poderá, así mesmo, realizar a construción ou administración de infraestructuras ferroviarias mediante a celebración do oportuno contrato de concesión de obra pública, que se rexerá polo disposto no texto refundido da Lei de contratos do sector público,

aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, coas especificacións previstas na Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario.»

d) O número 4 pasa a ser o número 5 e conserva a súa actual redacción.

Dez. A alínea n) do número 1 do artigo 16 queda redactada como segue:

«n) Aprobar a declaración sobre a rede e exercer as demais funcións que se lle atribúen ao administrador de infraestruturas ferroviarias en canto ao acceso ás infraestruturas da súa titularidade na Lei do sector ferroviario e na súa normativa de desenvolvemento.»

Once. A alínea p) do número 1 do artigo 16 queda redactada como segue:

«p) Aprobar a proposta de modificación e actualización dos canons por utilización das infraestruturas ferroviarias, así como as propostas das tarifas por prestación de servizos adicionais e complementarios que se elevarán ao Ministerio de Fomento, e fixar os prezos pola prestación de servizos auxiliares.»

Doce. O número 1 do artigo 17 queda redactado como segue:

«1. O Consello de Administración poderá delegar as súas competencias no presidente, nas comisións delegadas que se constitúan e nos restantes órganos internos da entidade que este determine, con excepción das sinaladas e as alíneas a), b), d), e), f), g), i), l), m), o), p) e r) do número 1 do artigo anterior.

Así mesmo, sen prexuízo do anterior, o Consello de Administración poderá delegar no presidente e nas comisións delegadas as facultades que, segundo o disposto na alínea h) do artigo anterior, lle corresponden como órgano de contratación, salvo aquelas que impliquen a aprobación do expediente, do gasto, a apertura do procedemento de adxudicación e a adxudicación mesma do contrato.»

Trece. A alínea h) do número 2 do artigo 23 queda redactada como segue:

«h) Someter ao Consello de Administración as tarifas que este deba aprobar ou modificar e as que deban ser propostas á Administración para a súa aprobación ulterior, así como someter ao Consello de Administración a proposta de modificación e actualización dos canons por utilización das infraestruturas ferroviarias que acordará este.»

Catorce. Engádesse un novo terceiro parágrafo ao artigo 27 coa seguinte redacción:

«O réxime retributivo do persoal directivo e do presidente de ADIF, así como as indemnizacións por asistencia dos membros do seu consello de administración, axustarase ao previsto no Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e outras entidades.»

Quince. Modifícase o artigo 30 no seguinte sentido:

a) O número 2 queda redactado como segue:

«2. Son de titularidade do Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) todas as infraestructuras ferroviarias que actualmente estea a administrar e que integren a rede ferroviaria de interese xeral, salvo aquelas cuxa titularidade estea atribuída á entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidad.»

b) O número 4 queda redactado como segue:

«4. En ningún caso serán patrimonio do Administrador de Infraestructuras Ferroviarias, conforme o artigo 24 da Lei do sector ferroviario, as infraestructuras que, no futuro, constrúa con cargo a recursos dun terceiro.»

Dezaseis. O artigo 31 queda redactado como segue:

«Artigo 31. *Desafectación.*

De acordo co establecido no artigo 24 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, os bens de dominio público de titularidade de ADIF, que resulten innecesarios para a prestación dos servizos de interese xeral e esenciais para a comunidade que realiza, poderán ser desafectados por aquel. A desafectación levarase a cabo logo de declaración de innecesariedade realizada polo Consello de Administración e determinará a incorporación ao seu patrimonio dos bens desafectados, que poderán ser obxecto de alleamento ou permuta.»

Dezasete. Engádese un novo número 8 ao artigo 33, polo que os actuais números 8, 9, 10, 11 e 12 pasan a ser 9, 10, 11, 12 e 13, respectivamente, e terá a seguinte redacción:

«8. As transferencias correntes e de capital da Administración xeral do Estado e doutras administracións.»

Dezaioito. Modifícase o artigo 34 no seguinte sentido:

a) O número 3 queda redactado como segue:

«3. ADIF deberá facilitar á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia toda a información que esta lle requira en materia de xestión, liquidación e cobramento de canons devindicados pola utilización das infraestructuras ferroviarias da súa titularidade.»

b) O número 5 queda redactado como segue:

«5. Sen prexuízo do réxime xurídico xeral aplicable á impugnación dos actos do ADIF como entidade de dereito público:

– Os relativos á xestión, liquidación e recadación das taxas previstas na Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, serán susceptibles de reclamación en vía económico-administrativa.

– Como excepción ao disposto no punto anterior, os relativos á contía, estrutura ou aplicación dos canons por utilización das infraestructuras ferroviarias serán susceptibles de reclamación ante a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, nos termos fixados na Lei 3/2013, do 4 de xuño, pola que se crea a dita comisión.»

Dezanove. O artigo 40 queda redactado como segue:

«Artigo 40. *Elaboración do orzamento.*

A entidade elaborará, anualmente, os seus orzamentos de explotación e capital, xunto cos programas de actuación plurianual, coa estrutura que determine o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, que serán tramitados na forma establecida, para as entidades públicas empresariais, na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.»

Disposición derradeira segunda. *Inventario de bens.*

ADIF-Alta Velocidad realizará no prazo de dous anos, desde o comezo das súas actividades, o inventario, completo e auditado, dos bens que integran o seu patrimonio, de conformidade co establecido no artigo 3 do Real decreto lei 15/2013, do 13 de decembro. A actualización do dito inventario efectuarase conforme o procedemento regulado no artigo 32 do seu estatuto.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Fomento para ditar cantas disposicións e medidas se consideren necesarias para o desenvolvemento e a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 31 de decembro de 2013.

Dado en Madrid o 27 de decembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

ESTATUTO DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL ADIF-ALTA VELOCIDAD

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Natureza e réxime xurídico.*

1. A entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidad configúrase como un organismo público dos previstos no artigo 43.1.b) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, adscrito ao Ministerio de Fomento a través do titular do dito departamento. Goza de personalidade xurídica propia, plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e patrimonio propio e réxese polo establecido no Real decreto lei 15/2013, do 13 de decembro; na Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario; na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado; nas normas de desenvolvemento de ambas; neste estatuto; na lexislación orzamentaria e demais normas que lle sexan de aplicación. En defecto destas normas, aplicaráselle o ordenamento xurídico privado.

2. Será de aplicación a ADIF-Alta Velocidad o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cando exerza potestades administrativas e no relativo á formación de vontade dos seus órganos.

Artigo 2. *Autonomía de xestión.*

No exercicio das súas funcións, ADIF-Alta Velocidad actuará con autonomía de xestión, dentro dos límites establecidos na súa norma de creación, na Lei do sector ferroviario, neste estatuto e demais lexislación que lle sexa de aplicación, observando o principio de eficiencia custo-beneficio, tendo como obxectivo o equilibrio económico-financiero e tomando en consideración, en todo caso, a garantía do interese público, a satisfacción das necesidades sociais coa máxima calidade, a seguridade dos usuarios e a eficacia global do sistema ferroviario.

CAPÍTULO II

Funcións de ADIF-Alta Velocidad*Sección 1.ª Actividades que desenvolverá ADIF-Alta Velocidad**Artigo 3. Competencias e funcións de ADIF-Alta Velocidad.*

1. De acordo co establecido no Real decreto lei 15/2013, do 13 de decembro, e no artigo 21 da Lei do sector ferroviario, corresponden a ADIF-Alta Velocidad as seguintes competencias:

a) A aprobación dos proxectos básicos e de construción de infraestruturas ferroviarias de alta velocidade que deban formar parte da rede ferroviaria de interese xeral, se así se establece na correspondente resolución do Ministerio de Fomento que determine o seu establecemento ou modificación, e a súa construción sempre que se leve a cabo cos seus propios recursos e, en todo caso, conforme o que dispoña o Ministerio de Fomento.

b) A construción de infraestruturas ferroviarias de alta velocidade, con recursos dun terceiro, conforme o correspondente convenio.

c) A administración das infraestruturas ferroviarias da súa titularidade.

d) O control e a inspección da infraestrutura ferroviaria, das súas zonas de protección e da circulación ferroviaria que sobre ela se produza.

e) A explotación dos bens da súa titularidade.

f) A elaboración e publicación da declaración sobre a rede relativa ás infraestruturas que administre, nos termos previstos na Lei do sector ferroviario e nas súas normas de desenvolvemento.

g) A adxudicación de capacidade de infraestrutura ás empresas ferroviarias que o soliciten.

h) A emisión de informes con carácter previo ao outorgamento, por parte do Ministerio de Fomento, das licenzas de empresa ferroviaria e das autorizacións para prestar servizos que se declararon de interese público, nos casos previstos na Lei do sector ferroviario, así como a emisión de calquera outro informe que lle sexa requirido polo dito ministerio ou por calquera outro órgano das administracións públicas.

i) A elaboración das instrucións e circulares necesarias para determinar, con precisión, as condicións de operación sobre as infraestruturas ferroviarias integradas na rede ferroviaria de interese xeral que administre.

j) A prestación de servizos adicionais e, de ser o caso, de servizos complementarios e auxiliares ao servizo de transporte ferroviario nas infraestruturas da súa titularidade.

k) A elevación ao Ministerio de Fomento das propostas de tarifas pola prestación de servizos adicionais e complementarios, e a fixación das correspondentes aos servizos auxiliares que se presten nas infraestruturas da súa titularidade.

l) A proposta de modificación e actualización dos canons por utilización das infraestruturas ferroviarias que administre, a xestión, liquidación e recadación dos que se devindiquen pola utilización das ditas infraestruturas, así como, se é o caso, o cobramento das tarifas polos servizos adicionais, complementarios e auxiliares.

m) A cooperación, cos organismos que noutros Estados membros da Unión Europea administren as infraestruturas ferroviarias de alta velocidade, para establecer e adxudicar capacidade de infraestrutura que abranca máis dunha rede nacional.

n) A celebración, coas empresas ferroviarias, de acordos marco.

ñ) A adquisición de enerxía eléctrica para a subministración do servizo de corrente ao sistema ferroviario.

o) O establecemento das pautas que regulen o procedemento para realizar a investigación dos accidentes ferroviarios que lle correspondan.

p) A elaboración dun informe anual que recolla todos os incidentes e accidentes producidos como consecuencia da prestación do servizo de transporte ferroviario.

q) A elaboración dun plan de continxencias que recolla as medidas necesarias para restablecer a situación de normalidade en caso de accidente, de fallo técnico ou de calquera outra incidencia que perturbe o tráfico ferroviario.

r) A resolución das reclamacións de responsabilidade patrimonial que se formulen respecto da súa actuación.

s) Cantas outras lle atribúa a normativa aplicable.

2. ADIF-Alta Velocidad non poderá prestar servizos de transporte ferroviario, salvo aqueles que sexan inherentes á súa propia actividade.

3. Para o cumprimento das súas funcións, ADIF-Alta Velocidad poderá realizar toda clase de actos de administración e disposición previstos na lexislación civil e mercantil.

Artigo 4. *Convenios.*

1. ADIF-Alta Velocidad poderá celebrar calquera convenio coa Administración xeral do Estado ou con outras administracións públicas para o mellor cumprimento dos seus fins. En particular, poderá subscribir convenios coa Administración xeral do Estado para o financiamento das actividades que constitúan o seu obxecto.

2. ADIF-Alta Velocidad e o Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) poderanse encomendar, mediante a subscripción do oportuno convenio, a realización de determinadas actividades. Nos ditos convenios terá necesariamente que se prever a compensación económica que lle correspondería a ADIF ou, de ser o caso, ADIF-Alta Velocidad, pola prestación dos servizos encomendados.

En particular, ambas as entidades se poderán encomendar a xestión da capacidade de infraestrutura e, debido á interconexión das redes cuxa administración teñen atribuídas, e de conformidade co previsto no artigo 1.7 do Real decreto lei 15/2013, do 13 de decembro, tamén a xestión dos sistemas de control, circulación e seguridade.

3. Así mesmo, ADIF-Alta Velocidad poderá celebrar con RENFE-Operadora, con empresas ferroviarias ou con calquera entidade, pública ou privada, convenios de colaboración, os cales poderán ter por obxecto o réxime de utilización de instalacións ou dependencias de interese común. Poderanse realizar actividades mercantís complementarias co obxecto do convenio ou necesarias para o seu cumprimento.

Artigo 5. *Redes de telecomunicacións.*

ADIF-Alta Velocidad poderá establecer e explotar redes de telecomunicacións nos termos previstos nas disposicións reguladoras do sector das telecomunicacións.

Sección 2.^a Construción das infraestructuras ferroviarias de alta velocidade integrantes da rede ferroviaria de interese xeral.

Artigo 6. *Proxectos e construción.*

1. A resolución do Ministerio de Fomento que, de conformidade co disposto no artigo 6 da Lei do sector ferroviario, determine o establecemento ou a modificación das liñas ferroviarias integrantes da rede ferroviaria de interese xeral ou de tramos delas, establecerá se a aprobación dos proxectos básicos e de construción e a execución das obras será realizada por ADIF-Alta Velocidad.

2. No caso de que a resolución a que se refire o punto anterior determine que a aprobación dos proxectos básicos e de construción corresponde a ADIF-Alta Velocidad, este desempeñará, así mesmo, as facultades de supervisión e implantación dos referidos proxectos e, de ser o caso, a de certificación do cumprimento da declaración de impacto ambiental.

3. Cando, en virtude da referida resolución, corresponda a ADIF-Alta Velocidad a execución das obras de construción de liñas ferroviarias integrantes da rede ferroviaria de interese xeral ou de tramos delas, este deberá acometer a construción cos seus propios

recursos, no marco orzamentario autorizado, para estes efectos, polo ministro de Facenda e Administracións Públicas.

Artigo 7. *Expropiacións.*

1. De conformidade co establecido no artigo 6 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, as expropiacións que deban ter lugar para a construción por ADIF-Alta Velocidad, con recursos propios, de liñas ferroviarias, de tramos delas ou doutros elementos da infraestrutura ferroviaria que deban integrar a rede ferroviaria de interese xeral, rexeranse pola lexislación xeral de expropiación forzosa, tendo en conta as regras seguintes:

a) A potestade expropiatoria será exercida pola Administración xeral do Estado e o beneficiario da expropiación será ADIF-Alta Velocidad, que aboará o prezo xusto das expropiacións. En todo caso, o beneficiario da expropiación terá os dereitos e as obrigas previstos na lexislación sobre expropiación forzosa.

b) A aprobación por ADIF-Alta Velocidad ou polo Ministerio de Fomento do correspondente proxecto básico ou do de construción de liñas ferroviarias, tramos delas ou outros elementos da infraestrutura ferroviaria, ou de modificación das preexistentes, que requira a utilización de novos terreos, suporá a declaración de utilidade pública ou interese social, a necesidade de ocupación e a declaración de urxencia desta, para efectos da expropiación forzosa daqueles terreos en que se deba construír a liña, o tramo ou o elemento da infraestrutura ferroviaria, ou que sexan necesarios para modificar as preexistentes, segundo o previsto na lexislación expropiatoria.

2. Na zona de protección ata a liña límite de edificación, ADIF-Alta Velocidad poderá solicitar ao Ministerio de Fomento a expropiación de bens que pasarán a ter a consideración de dominio público, entendéndose implícita a declaración de utilidade pública e a necesidade da súa ocupación, sempre que se xustifique o seu interese para a idónea prestación dos servizos ferroviarios e para a seguridade da circulación.

3. A aprobación polo Ministerio de Fomento do proxecto de delimitación e utilización de espazos ferroviarios a que se refire o artigo 9 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, levará implícita a declaración de utilidade pública ou interese social, a necesidade de ocupación e a declaración de urxencia desta, para efectos expropiatorios dos bens e dereitos necesarios para a súa implantación.

Artigo 8. *Posta en funcionamento da infraestrutura ferroviaria.*

Con carácter previo ao comezo da explotación de liñas, tramos e terminais da infraestrutura ferroviaria, ADIF-Alta Velocidad deberá obter a autorización do Ministerio de Fomento que acredite que aquelas se poden abrir ao tránsito ferroviario público. Respecto da apertura ao tránsito ferroviario do resto dos elementos que integran a infraestrutura, ADIF-Alta Velocidad cumprirá as regras que determine o Ministerio de Fomento.

Sección 3.^a Administración das infraestruturas ferroviarias de titularidade de ADIF-Alta Velocidad integradas na rede ferroviaria de interese xeral.

Artigo 9. *Ámbito.*

1. A administración das infraestruturas ferroviarias integradas na rede ferroviaria de interese xeral ten por obxecto o mantemento e a explotación daquelas, así como a xestión dos seus sistemas de control, de circulación e de seguridade.

2. ADIF-Alta Velocidad é competente para manter e explotar as infraestruturas ferroviarias das cales é titular, así como para xestionar os seus sistemas de control, de circulación e de seguridade.

Artigo 10. Mantemento da infraestrutura ferroviaria.

1. Para os efectos deste estatuto, enténdese por mantemento de infraestrutura ferroviaria o conxunto das operacións de conservación, reparación, reposición e actualización tecnolóxica de elementos, que permita preservar as infraestruturas ferroviarias integradas na rede ferroviaria de interese xeral, en condicións de operatividade e seguridade adecuadas.

2. Corresponde a ADIF-Alta Velocidad a realización dos estudos e a aprobación e a implantación dos proxectos e das súas modificacións, que sexan necesarios para o mantemento da infraestrutura ferroviaria. A redacción material dos estudos e proxectos levaraa a cabo o propio ADIF-Alta Velocidad ou terceiros.

Artigo 11. Explotación da infraestrutura ferroviaria e xestión dos sistemas de control, de circulación e de seguridade.

1. ADIF-Alta Velocidad realizará a explotación da infraestrutura ferroviaria da súa titularidade conforme o previsto na Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, no seu desenvolvemento regulamentario en relación coa administración das infraestruturas ferroviarias e nas demais normas que resulten de aplicación.

2. Conforme o previsto no artigo 22.4 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, as funcións inherentes á xestión do sistema de control, de circulación e de seguridade non se poderán encomendar a terceiros, coa única excepción do disposto no artigo 1.7 do Real decreto lei 15/2013, do 13 de decembro. Entenderase que as ditas funcións son as que se refiren á prestación do servizo tendente a garantir a eficacia do sistema e a súa plena fiabilidade.

Artigo 12. A xestión dun rexistro telemático por ADIF-Alta Velocidad.

1. ADIF-Alta Velocidad xestionará, conforme o establecido no artigo 38.9 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, un rexistro telemático habilitado para a recepción ou saída das solicitudes, as comunicacións e calquera escrito relativo ao procedemento de adxudicación de capacidade de infraestrutura ferroviaria, nos termos que prevexa a normativa de desenvolvemento da Lei do sector ferroviario.

2. Este rexistro telemático deberá cumprir cos requisitos establecidos no artigo 38.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 11/2007, do 22 de xullo, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e permitirá, de modo permanente, a presentación de solicitudes, comunicacións e calquera escrito. Para efectos do cómputo de prazos, a recepción dun documento en día inhábil entenderase efectuada no primeiro día hábil seguinte.

3. As solicitudes, as comunicacións e calquera escrito, presentados ante o rexistro telemático, deberán cumprir os criterios de dispoñibilidade, autenticidade, integridade, confidencialidade e conservación da información na forma que determine a normativa aplicable.

Sección 4.^a Réxime xurídico da contratación en ADIF-Alta Velocidad

Artigo 13. Réxime xurídico da contratación en ADIF-Alta Velocidad.

1. A contratación das obras de construción ou modificación da infraestrutura ferroviaria levaraa a cabo ADIF-Alta Velocidad logo de que este tramite o correspondente expediente de contratación.

Entenderanse por obras de modificación de liñas ferroviarias as que impliquen alteracións substanciais do seu trazado, tales como obras de adecuación do seu trazado a alta velocidade, obras de duplicación da vía ferroviaria existente, variantes ou outras obras de similares características.

2. ADIF-Alta Velocidad contratará, conforme o previsto na Lei 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais. Nos supostos en que non sexa de aplicación esta lei, ADIF-Alta Velocidad acomodará a súa actuación ás instrucións internas que deberá aprobar a dita entidade para a adxudicación de contratos non suxeitos a regulación harmonizada, conforme o disposto no artigo 191 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Non obstante o anterior, ADIF-Alta Velocidad axustará a súa actividade ás normas establecidas para as administracións públicas no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, na preparación, adxudicación, cumprimento, efectos e extinción dos contratos de obras de construción ou modificación das infraestruturas ferroviarias, fóra das obras de electrificación e sinalización, o mantemento da infraestrutura ferroviaria e a xestión dos sistemas de control, circulación e seguridade do tráfico.

3. Naqueles contratos en que, de conformidade co punto anterior, se inclúan prestacións cuxa contratación se encontre sometida ao texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, xunto con prestacións cuxa contratación se encontre suxeita á Lei 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais, e/ou xunto con prestacións cuxa contratación se rexa polas instrucións internas que aprobe a entidade conforme o disposto no artigo 191 do dito texto refundido, ADIF-Alta Velocidad atenderá en todo caso, para a determinación das normas que deba observar na preparación e adxudicación, efectos e extinción dos citados contratos, ao carácter da prestación que teña máis importancia desde o punto de vista económico.

Cando, nestes supostos en que se pretende a execución de varias actividades, se poñan de manifesto, mediante a elaboración do documento de avaliación previa a que se refire o artigo 134 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, as circunstancias a que se refire o citado artigo 134, e que as fórmulas alternativas de contratación previstas na normativa que resulte de aplicación, segundo as regras anteriores, non permiten a satisfacción das finalidades e obxectivos proxectados, ADIF-Alta Velocidad poderá realizar a construción ou administración de infraestruturas ferroviarias mediante a celebración de contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado definidos no artigo 11 do texto refundido da Lei de contratos do sector público. Estes contratos rexeranse, coas especialidades previstas nesta lei, polas normas que resulten de aplicación segundo o sinalado no parágrafo primeiro deste número 3, salvo nos supostos en que se inclúa, entre as actuacións que se van realizar, a execución de obras de plataforma e/ou de montaxe de vía, nos cales ADIF-Alta Velocidad axustará a súa actividade ás normas establecidas para as administracións públicas no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, relativas aos contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado, con independencia da porcentaxe que representen cada unha das prestacións desde o punto de vista económico respecto do orzamento total do contrato.

Nos contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado, o prazo de execución do contrato virá determinado en función da amortización dos investimentos ou das fórmulas de financiamento que se prevexan, sen que resulte de aplicación a limitación prevista no artigo 314 do citado texto refundido da Lei de contratos do sector público; no entanto, a duración destes contratos en ningún caso poderá exceder os corenta anos. Así mesmo, en todos aqueles contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado cuxo valor estimado sexa igual ou superior a doce millóns de euros, a aprobación do expediente exixirá con carácter previo a autorización do Consello de Ministros e informe preceptivo e vinculante do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas que se pronuncie sobre as repercusións orzamentarias e os compromisos financeiros que comporta, así como sobre a súa incidencia no cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

4. ADIF-Alta Velocidad poderá, así mesmo, realizar a construción ou administración de infraestruturas ferroviarias mediante a celebración do oportuno contrato de concesión de obra pública, que se rexerá polo disposto no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, coas especificacións previstas na Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario.

5. Para a adxudicación, polo procedemento aberto ou restrinxido, daqueles contratos suxeitos ao texto refundido da Lei de contratos do sector público, o órgano de contratación da entidade que corresponda estará asistido por unha mesa de contratación constituída por un presidente, un mínimo de catro vogais, un dos cales será a persoa que exerza a condición de secretario do Consello de Administración da entidade, que terá atribuído o asesoramento xurídico da Mesa, e outro o interventor delegado na entidade, e por un secretario. Nos procedementos negociados, a designación da Mesa de Contratación será potestativa para o órgano de contratación.

Os membros da Mesa de Contratación, que deberá estar integrada por persoal da entidade, serán designados polo órgano de contratación correspondente con carácter permanente ou para a adxudicación de determinado ou determinados contratos. Se a designación é permanente ou para unha pluralidade de contratos, a composición da Mesa deberá publicarse no *Boletín Oficial del Estado*.

CAPÍTULO III

Organización da entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidad

Artigo 14. *Órganos de goberno.*

Os órganos de goberno de ADIF-Alta Velocidad son os seguintes:

- a) O Consello de Administración.
- b) O presidente.

Artigo 15. *O Consello de Administración.*

1. ADIF-Alta Velocidad está rexido por un consello de administración encargado da superior dirección da súa administración e xestión, formado polo presidente e por un número mínimo de nove e máximo de dez vogais. O nomeamento e cesamento dos vogais correspóndelle ao ministro de Fomento.

Non poderán formar parte do Consello de Administración de ADIF-Alta Velocidad as persoas que pertencen ao Consello de Administración de RENFE-Operadora ou de calquera das súas filiais, nin de ningunha empresa ferroviaria ou candidato á obtención de capacidade.

2. O presidente da entidade será o presidente do seu consello de administración.

En caso de vacante, ausencia ou enfermidade do presidente, asumirá a presidencia do Consello o vogal máis antigo e, con igual antigüidade, o de máis idade.

Artigo 16. *Competencias do Consello de Administración.*

1. Ao Consello de Administración correspóndenlle, conforme o presente estatuto e de acordo co previsto na lexislación vixente, as seguintes competencias:

a) Determinar a estrutura da entidade, aprobar os criterios xerais sobre a organización e as directrices para a elaboración e a modificación do persoal, así como para a determinación das condicións retributivas básicas, dentro do marco de actuación a que se refire o artigo 29 deste estatuto.

b) Propor ao Ministerio de Fomento as normas que se deban ditar en desenvolvemento deste estatuto e emitir informe sobre o seu contido con carácter previo á súa aprobación definitiva ou á súa modificación.

- c) Emitir os informes que, conforme o previsto na Lei do sector ferroviario, nas súas normas de desenvolvemento e neste estatuto, deban ser emitidos por ADIF-Alta Velocidad, con carácter preceptivo ou potestativo, por requirimento dos órganos de calquera Administración pública.
- d) Ditar as normas de funcionamento e de adopción de acordos do propio Consello de Administración, no non previsto neste estatuto.
- e) Aprobar, inicialmente, os orzamentos anuais de explotación e capital e o programa de actuación plurianual e eleválos ao Ministerio de Fomento para a súa tramitación, conforme o establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.
- f) Aprobar as contas anuais, o informe de xestión e a proposta de aplicación de resultados da entidade. Todo iso de conformidade co establecido neste estatuto.
- g) Autorizar as operacións de crédito e demais operacións de endebedamento que poida convir a entidade.
- h) Actuar como órgano de contratación nos contratos cuxo importe exceda os seis millóns de euros e nos que teñan un importe inferior se o considera conveniente.
- i) Acordar a participación no capital social de toda clase de entidades que teñan o carácter de sociedade mercantil e que estean relacionadas coas súas actividades, conforme o previsto na lei.
- j) Conferir poderes xerais ou especiais a unha persoa ou a persoas determinadas.
- k) Aprobar os acordos, pactos, convenios e contratos que considere convenientes ou necesarios para a realización dos fins da entidade, incluíndo a adquisición e o alleamento de inmobles e constitución de dereitos reais. Os alleamentos de contía superior a 20.000.000 euros deberán ser autorizados polo Consello de Ministros, por proposta do de Facenda e Administracións Públicas.
- l) Aprobar os convenios que se subscribirán coa Administración xeral do Estado para o financiamento das actividades que constitúen o seu obxecto.
- m) Aprobar o inventario de bens e dereitos de conformidade co establecido no artigo 3 do Real decreto lei 15/2013, do 13 de decembro, e na Lei do patrimonio das administracións públicas.
- n) Aprobar a declaración sobre a rede e exercer as demais funcións que se lle atribúen ao administrador da infraestrutura ferroviaria na Lei do sector ferroviario e na súa normativa de desenvolvemento, en canto ao acceso ás infraestruturas ferroviarias da súa titularidade, integradas na rede ferroviaria de interese xeral.
- ñ) Emitir informes con carácter previo ao outorgamento, por parte do Ministerio de Fomento, das licenzas de empresa ferroviaria e das autorizacións para prestar servizos que se declararon de interese público, nos casos previstos na Lei do sector ferroviario.
- o) Aprobar a proposta de modificación e actualización dos canons por utilización das infraestruturas ferroviarias, así como as propostas das tarifas por prestación de servizos adicionais e complementarios que se elevarán ao Ministerio de Fomento, e fixar os prezos pola prestación de servizos auxiliares.
- p) Aprobar os convenios que a entidade pública empresarial celebre cos organismos que noutros Estados membros da Unión Europea administren as infraestruturas ferroviarias para establecer e adjudicar capacidade de infraestrutura que abranxa máis dunha rede nacional.
- q) Declarar a innecesiedade e acordar a desafectación dos bens de dominio público de titularidade de ADIF-Alta Velocidad, conforme o determinado no artigo 31 deste estatuto.
- r) Aprobar as instrucións e circulares necesarias para determinar, con precisión, as condicións de operación da infraestrutura ferroviaria administradas por ADIF-Alta Velocidad.
- s) Aprobar as pautas que regulen o procedemento para realizar a investigación dos accidentes ferroviarios que lle correspondan.
- t) Aprobar un informe anual que recolla todos os incidentes e accidentes producidos nas infraestruturas administradas por ADIF-Alta Velocidad como consecuencia da prestación do servizo de transporte ferroviario.

o) Aprobar un plan de continxencias que recolla as medidas necesarias para restablecer a situación de normalidade en caso de accidente, de fallo técnico ou de calquera outra incidencia que perturbe o tráfico ferroviario.

v) As demais que se lle atribúan neste estatuto ou noutras disposicións.

2. As resolucións que dite o Consello de Administración no exercicio de potestades administrativas porán fin á vía administrativa, coa excepción prevista no artigo 34.5.

Artigo 17. *Delegación de competencias polo Consello de Administración.*

1. O Consello de Administración poderá delegar as súas competencias no presidente, nas comisións delegadas que se constituán e nos restantes órganos internos da entidade que este determine, con excepción das sinaladas nas alíneas a), b), d), e), f), g), i), l), m), o) e q) do número 1 do artigo anterior.

Así mesmo, sen prexuízo do anterior, o Consello de Administración poderá delegar no presidente e nas comisións delegadas as facultades que, segundo o disposto na alínea h) do artigo anterior, lle corresponden como órgano de contratación, salvo aquelas que impliquen a aprobación do expediente, a aprobación do gasto, a apertura do procedemento de adxudicación e mesmo a adxudicación do contrato.

2. Non será delegable, en ningún caso, a aprobación da declaración sobre a rede.

Artigo 18. *Comisións delegadas.*

O Consello de Administración, en atención á natureza dos asuntos que se van tratar, poderá constituír no seu seo comisións delegadas, nas cales poderá delegar as súas competencias dentro dos límites previstos no artigo anterior, tendo en conta a especialización dos seus membros.

O acordo de constitución fixará o alcance da delegación, o número de vogais, non inferior a tres nin superior a sete, que formen parte delas e as súas normas de funcionamento. Na súa falta, serán de aplicación ás comisións delegadas as normas establecidas para o Consello de Administración. As comisións delegadas serán presididas polo presidente da entidade e actuará como secretario quen o sexa do Consello de Administración.

Artigo 19. *Convocatoria e quórum do Consello de Administración.*

1. O Consello de Administración reunirse, logo de convocatoria e por iniciativa do seu presidente ou por petición, polo menos, da metade dos vogais, tantas veces como sexa necesario para o desenvolvemento das funcións da entidade e, polo menos, once ao ano. Poderán asistir ás reunións do Consello de Administración, con voz pero sen voto, todas aquelas persoas que sexan requiridas para iso e sexan convocadas polo presidente do órgano, logo de acordo deste.

2. A convocatoria do Consello de Administración cursaraa o secretario do Consello por escrito, con polo menos corenta e oito horas de antelación, e recollerá a orde do día dos asuntos que se van tratar. O presidente poderá acordar reunións extraordinarias, sen suxeición ao prazo anterior, se existir, ao seu xuízo, motivo fundado ou por petición, polo menos, dun terzo dos vogais.

O contido da convocatoria será comunicado por escrito, directa e persoalmente, a cada un dos interesados.

3. Para a válida constitución do Consello de Administración, ademais do presidente, ou de quen o substitúa, e do secretario, deberán estar presentes, en primeira convocatoria, a metade, polo menos, dos vogais e, en segunda convocatoria, a terceira parte deles. Entre a primeira e a segunda convocatoria deberá transcorrer, polo menos, o prazo dunha hora.

As normas que aprobe o Consello de Administración, en aplicación do previsto no artigo 16.1.d), establecerán os requisitos conforme os cales se debe acreditar a representación.

Artigo 20. Adopción de acordos.

1. Os acordos do Consello de Administración tomaranse por maioría absoluta de votos dos seus membros presentes. En caso de empate, o presidente terá voto de calidade.

2. De cada sesión o secretario levantará a acta, que se aprobará na mesma ou na seguinte sesión segundo determine o Consello de Administración.

A acta deberá ir asinada polo secretario, co visto e prace do presidente, expedíndose certificación dos acordos do Consello de Administración en igual forma, sen prexuízo da existencia dun libro de actas en que consten as actas das sesións e os acordos adoptados, que custodiará o secretario do Consello de Administración.

Artigo 21. Axudas de custo por asistencia ás reunións do Consello de Administración.

Os membros do Consello de Administración que asistan ás súas sesións non percibirán ningunha remuneración nin compensación económica.

Artigo 22. Réxime xurídico aplicable ao Consello.

O réxime de constitución e funcionamento do Consello de Administración, en todo o non regulado neste estatuto, axustarase ás normas contidas no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo das peculiaridades organizativas contidas na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Artigo 23. O presidente.

1. Será presidente da entidade e do seu consello de administración quen reúna a condición de presidente da entidade pública empresarial Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF).

2. Correspóndelle ao presidente o exercicio das seguintes facultades:

a) Exercer a representación da entidade en xuízo e fóra del, en calquera acto e contrato e fronte a toda persoa física ou xurídica, xa sexa pública ou privada.

b) Acordar a convocatoria, presidir e fixar a orde do día das reunións do Consello de Administración, dirixindo as súas deliberacións e dirimindo os seus empates co seu voto de calidade.

c) Velar polo cumprimento deste estatuto e dos acordos adoptados polo Consello de Administración.

d) Executar os acordos do Consello de Administración.

e) Desempeñar a xefatura superior de todo o persoal da entidade e exercer a alta inspección dos servizos da entidade e a vixilancia do desenvolvemento da súa actividade.

f) Propor ao Consello de Administración a estrutura da organización e determinar o persoal no marco dos criterios e directrices aprobados por aquel.

g) Acordar o nomeamento e o cesamento do persoal directivo da entidade, dos cales deberá informar o Consello de Administración, así como contratar o persoal non directivo e fixar as súas retribucións conforme os criterios definidos polo Consello de Administración, de conformidade co establecido, de ser o caso, polo correspondente convenio colectivo.

h) Someter ao Consello de Administración as tarifas que este deba aprobar ou modificar e as que deban ser propostas á Administración para a súa aprobación ulterior, así como someter ao Consello de Administración a proposta de modificación e actualización dos canons por utilización das infraestruturas ferroviarias.

i) Acordar o exercicio das accións e dos recursos que correspondan á entidade en defensa dos seus intereses ante as administracións públicas e os tribunais de xustiza de calquera orde, grao e xurisdición.

j) Propor ao Consello de Administración o programa de actuación plurianual da entidade e os seus orzamentos de explotación e de capital.

k) Actuar como órgano de contratación nos contratos cuxo importe non exceda os seis millóns de euros, sen prexuízo das facultades que ao Consello de Administración lle atribúe o artigo 16.1.h) e da súa obriga de informar, semestralmente, o referido órgano, das actuacións realizadas no exercicio destas competencias.

l) Aprobar as instrucións internas de contratación da entidade, ás cales se refire o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

m) Presentar ao Consello de Administración, para a súa aprobación, as contas anuais, o informe de xestión e a proposta de aplicación de resultados.

n) Ordenar os gastos e pagamentos da entidade e efectuar toda clase de cobramentos, calquera que sexa a súa contía.

ñ) Formular as contas anuais que se deban render ao Tribunal de Contas, de acordo coa normativa orzamentaria.

o) Render as contas anuais por conduto da Intervención Xeral da Administración do Estado, acompañadas do informe de auditoría así como do informe de xestión e o previsto no artigo 129 da Lei xeral orzamentaria.

p) Decidir en todas aquelas cuestións non reservadas ao Consello de Administración.

q) Desempeñar as demais facultades e funcións que lle atribúa este estatuto e calquera outra norma aplicable, as non conferidas expresamente a outros órganos da entidade, así como as que lle delegue, se é o caso, o Consello de Administración.

3. Poderán ser obxecto de delegación no persoal directivo ou nos restantes órganos internos da entidade as competencias que correspondan ao presidente, salvo as previstas nas alíneas do punto anterior b), c), e), f) –no referente á proposta de estrutura da organización–.

4. O presidente exercerá as potestades administrativas atribuídas pola normativa vixente a ADIF-Alta Velocidad en materia de persoal e para a xestión dos servizos básicos deste ou doutros servizos cuxa prestación se asigne a esta entidade pola normativa que lle sexa de aplicación.

5. Os actos do presidente no exercicio de potestades administrativas poñen fin á vía administrativa, coa excepción recollida no artigo 34.5 deste estatuto.

6. O cargo de presidente será non retribuído.

Artigo 24. *Adopción excepcional de acordos.*

Excepcionalmente, nos casos de urxente necesidade, o presidente poderá adoptar as decisións reservadas á competencia do Consello de Administración e estará obrigado a dar conta a este dos acordos adoptados na primeira reunión ordinaria que celebre con posterioridade á súa adopción, co fin de que sexan ratificados.

Artigo 25. *O secretario.*

1. Será secretario do Consello de Administración da entidade quen o sexa do Consello de Administración do Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF). O secretario asistirá ás súas reunións con voz pero sen voto, salvo que teña a condición de vogal.

2. O secretario, que deberá ser licenciado en Dereito, será do Consello de Administración e das comisións delegadas.

3. Correspóndelle ao secretario:

a) Velar polo cumprimento da legalidade vixente.

b) Efectuar a convocatoria das sesións do Consello por orde do presidente, así como as citacións aos seus membros.

c) Preparar o despacho dos asuntos e redactar as actas das sesións.

d) Expedir certificacións dos acordos aprobados.

e) Custodiar os libros de actas.

f) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.

4. O cargo de secretario será non retribuído.

Artigo 26. *O director xeral.*

ADIF-Alta Velocidad poderá contar cun director xeral, que actuará no exercicio das facultades que lle deleguen ou para as cales se apodere. O devandito director xeral deberá ser un dos directores xerais de ADIF designado para o efecto polo presidente da entidade.

En todo caso, o cargo de director xeral de ADIF-Alta Velocidad non estará retribuído.

CAPÍTULO IV

Persoal da entidade

Artigo 27. *Réxime do persoal.*

O réxime xurídico do persoal laboral da entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidad e a súa contratación axustaranse ao dereito laboral, conforme o previsto no artigo 55, números 1 e 2, da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado. Así mesmo, serán aplicables á entidade as disposicións das leis de orzamentos xerais do Estado polas cales se establezan limitacións ao crecemento retributivo, á incorporación de persoal de novo ingreso e á contratación temporal, que a vinculen.

Para efectos do disposto no artigo 55.2 da Lei de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, considerarase persoal directivo de ADIF-Alta Velocidad o seu director xeral, cuxo cargo é non retribuído.

Artigo 28. *Incompatibilidades.*

1. O persoal da entidade estará suxeito ao réxime de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

2. O persoal que teña a consideración de alto cargo para efectos do disposto na Lei 5/2006, do 10 de abril, de conflitos de intereses de membros do Goberno da Nación e altos cargos da Administración e as súas disposicións de desenvolvemento, estará sometido ao réxime de incompatibilidades e control de intereses establecido na dita lei.

Artigo 29. *Competencias en materia de persoal.*

1. As competencias en materia de persoal serán exercidas polo Consello de Administración con suxeición ás leis referidas no artigo 27 e ás demais disposicións que lle sexan de aplicación.

2. As relacións da entidade co seu persoal, dentro do ámbito definido no punto anterior, e no marco do dereito á negociación colectiva, rexeranse polas condicións establecidas polos contratos que para o efecto se celebren e someteranse ao Estatuto dos traballadores, aos convenios colectivos e ás demais normas de aplicación.

CAPÍTULO V

Réxime patrimonial

Artigo 30. *Patrimonio da entidade.*

1. ADIF-Alta Velocidad terá, para o cumprimento dos seus fins, un patrimonio propio, distinto do da Administración xeral do Estado, integrado polo conxunto de bens, dereitos e obrigas de que sexa titular.

A xestión, administración e explotación dos bens e dereitos de titularidade de ADIF-Alta Velocidad suxeitaranse ao disposto na súa norma de creación; na Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, e neste estatuto e, no non disposto nestas normas, ao establecido na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

2. Son de titularidade de ADIF-Alta Velocidad:

a) Todos os bens, mobles e inmobles, e dereitos que, na data da súa constitución, pertencesen ou estivesen adscritos ao Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF), que se lle asignen mediante orde do ministro de Fomento e do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co previsto no artigo 1.5 do Real decreto 15/2013, do 13 de decembro.

b) Todos os bens, demaniais ou patrimoniais, que configuran as liñas ferroviarias, que ata a data da creación de ADIF-Alta Velocidad fosen de titularidade do Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF), e cuxa titularidade se lle atribúa.

c) Todas as estacións e terminais que sirvan ás liñas de alta velocidade cuxa titularidade teña atribuída e outros bens inmobles que resulten permanentemente necesarios para a prestación dos servizos que constitúen a súa actividade.

3. Así mesmo, ADIF-Alta Velocidad será titular das infraestructuras ferroviarias que constrúa ou adquira cos seus propios recursos e das que lle corresponda en función dos convenios que celebre.

4. En ningún caso serán de patrimonio de ADIF-Alta Velocidad, conforme o artigo 24 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, as infraestructuras que, no futuro, constrúa con cargo aos recursos dun terceiro.

5. ADIF-Alta Velocidad poderá exercer en calquera momento, respecto dos bens de dominio público da súa titularidade, as facultades de administración, defensa, policía, investigación, deslindamento e recuperación posesoria que lle outorga á Administración xeral do Estado a Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas. Corresponderá, así mesmo, a ADIF-Alta Velocidad, respecto dos ditos bens, establecer o seu réxime de uso e outorgar as concesións, autorizacións, arrendamentos e demais títulos que permitan a súa eventual utilización por terceiros.

Artigo 31. *Desafectación.*

De acordo co establecido no artigo 24 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, os bens de dominio público de titularidade de ADIF-Alta Velocidad que resulten innecesarios para a prestación dos servizos de interese xeral e esenciais para a comunidade que realiza poderán ser desafectados por aquel. A desafectación levarase a cabo logo de declaración de innecesiedade realizada polo Consello de Administración e determinará a incorporación ao seu patrimonio dos bens desafectados, que poderán ser obxecto de alleamento ou permuta.

Artigo 32. *Inventario.*

A entidade formará e manterá actualizado o inventario dos seus bens e dereitos. O inventario actualizarase anualmente con referencia ao 31 de decembro e someterase á aprobación do Consello de Administración no primeiro trimestre do exercicio seguinte.

CAPÍTULO VI

Réxime económico-financeiro

Sección 1.^a *Recursos da entidade*

Artigo 33. *Recursos de ADIF-Alta Velocidad.*

Os recursos económicos de ADIF-Alta Velocidad poderán ser calquera dos enumerados no número 1 do artigo 65 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e

funcionamento da Administración xeral do Estado. Inclúense entre os recursos económicos de ADIF-Nuevas Infraestructuras, de conformidade co artigo 1.11 do Real decreto lei 15/2013, do 13 de decembro, e co artigo 23 da Lei do sector ferroviario:

1. As achegas patrimoniais do Estado, que constituirán os recursos propios do ente.
2. Os que obteña pola xestión e explotación do seu patrimonio e pola prestación de servizos a terceiros.
3. Os ingresos, comerciais ou doutra natureza, que obteña pola execución dos contratos ou convenios que celebre con terceiros.
4. As taxas cuxo importe deba percibir por afectación, conforme a Lei do sector ferroviario.
5. Os fondos comunitarios que lle poidan ser asignados.
6. Os canons que perciba pola utilización das infraestruturas ferroviarias da súa titularidade.
7. As subvencións que, de ser o caso, se poidan incluír nos orzamentos xerais do Estado.
8. As transferencias correntes e de capital da Administración xeral do Estado e doutras administracións.
9. As achegas do Estado, a título de préstamo, que, de ser o caso, se poidan incluír nos orzamentos xerais do Estado de cada exercicio.
10. Os recursos financeiros procedentes de operacións de endebedamento, cuxo límite anual será fixado nas leis de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio.
11. As doazóns.
12. Os que obteña pola execución dos convenios que celebre coas comunidades autónomas, entidades locais ou con entidades privadas.
13. Calquera outro ingreso, financeiro ou non financeiro, e outros que obteña de acordo co previsto na súa norma de creación, na Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, e nas normas regulamentarias que a desenvolvan.

Sección 2.^a Financiamento, planificación, contabilidade e control

Artigo 34. Afectación do importe das taxas e dos canons ferroviarios.

1. O importe da recadación das taxas por seguridade no transporte ferroviario de viaxeiros, por homologación de centros de formación de persoal ferroviario e de mantemento de material rodante, polo outorgamento de títulos ao dito persoal e por certificación do referido material ingresarase no patrimonio de ADIF-Alta Velocidad.

2. Así mesmo, ADIF-Alta Velocidad percibirá, das empresas que presten servizos de transporte ferroviario, canons pola utilización das infraestruturas ferroviarias da súa titularidade, de acordo co establecido na Lei do sector ferroviario.

3. ADIF-Alta Velocidad deberá facilitar á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia toda a información que esta lle requira en materia de xestión, liquidación e cobramento de canons devindicados pola utilización das infraestruturas ferroviarias da súa titularidade.

4. Será competencia de ADIF-Alta Velocidad a xestión, liquidación e recadación dos canons devindicados pola utilización das infraestruturas ferroviarias da súa titularidade, nos casos establecidos pola Lei do sector ferroviario.

ADIF-Alta Velocidad poderá delegar en ADIF as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación da taxa por seguridade no transporte ferroviario de viaxeiros, regulada na sección II do capítulo I do título V da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, que se devindique pola prestación do servizo de vixilancia e o control de acceso, tanto de viaxeiros como de equipaxes, ás estacións e demais recintos ferroviarios de titularidade de ADIF-Alta Velocidad.

5. Sen prexuízo do réxime xurídico xeral aplicable á impugnación dos actos de ADIF-Alta Velocidad como entidade de dereito público:

– Os relativos á xestión, liquidación e recadación das taxas previstas na Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, serán susceptibles de reclamación en vía económico-administrativa.

– Como excepción ao disposto no punto anterior, os relativos á contía, estrutura ou aplicación dos canons por utilización das infraestruturas ferroviarias serán susceptibles de reclamación ante a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, nos termos fixados na Lei 3/2013, do 4 de xuño, pola que se crea a dita comisión.

6. No caso de que ADIF-Alta Velocidad, no exercicio das funcións que ten encomendadas, realice a construción ou administración de infraestruturas ferroviarias mediante a celebración do oportuno contrato de concesión de obra pública, poderá retribuír o concesionario coas cantidades recadadas polo organismo como consecuencia da utilización das ditas infraestruturas polos usuarios, os rendementos procedentes da explotación das zonas comerciais vinculadas a elas ou a realización de actividades complementarias, nos termos previstos no artigo 22.5 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario.

Artigo 35. *Operacións financeiras.*

1. ADIF-Alta Velocidad poderá realizar todo tipo de operacións financeiras e, en particular, concertar operacións activas ou pasivas de crédito e préstamo, calquera que sexa a forma en que se instrumenten, mesmo mediante a emisión de obrigacións, bonos, notas promisorias e calquera outro pasivo financeiro, así como titular os dereitos de crédito de que sexa titular. O anterior enténdese sen prexuízo do establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e de acordo cos límites establecidos nas leis de orzamentos anuais.

2. As operacións activas e pasivas, de crédito a curto prazo e de tesouraría, das empresas en que o ADIF-Alta Velocidad participe directa ou indirectamente axustaranse ao límite fixado no seu orzamento.

Artigo 36. *Contabilidade.*

1. ADIF-Alta Velocidad estará sometido ao réxime de contabilidade previsto para as entidades públicas empresariais na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. Así mesmo, aplicará un réxime de contabilidade separada das súas actividades segundo sexa de construción de infraestruturas ferroviarias, administración destas ou prestación de servizos adicionais, complementarios ou auxiliares.

Artigo 37. *Control de eficacia.*

1. O control técnico e de eficacia sobre a actividade de ADIF-Alta Velocidad realizarase conforme o disposto no artigo 27 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, e no artigo 59 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, corresponde ao Ministerio de Fomento o control técnico e de eficacia da xestión que deberá levar a cabo ADIF-Alta Velocidad, así como o exercicio das facultades que a lei lle atribúe en materia de control da fixación e xestión dos canons ferroviarios. Para este efecto, poderá realizar as inspeccións e auditorías de xestión que resulten necesarias.

O Ministerio de Fomento poderá requirir a ADIF-Alta Velocidad, en calquera momento, a información ou documentación que xulgue conveniente no exercicio da súa facultade de control.

Artigo 38. *Control económico e financeiro.*

Sen prexuízo das competencias de fiscalización atribuídas ao Tribunal de Contas pola súa lei orgánica e polas demais normas que regulan as súas competencias, ADIF-Alta

Velocidad estará sometida a control económico-financiero pola Intervención Xeral da Administración do Estado, nos termos previstos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. O control financeiro permanente realizarase, a través da Intervención Delegada na entidade.

Sección 3.^a Réxime orzamentario e tributario

Artigo 39. Elaboración do orzamento.

A entidade elaborará anualmente os seus orzamentos de explotación e capital, xunto cos programas de actuación plurianual, coa estrutura que determine o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, que serán tramitados na forma establecida, para as entidades públicas empresariais, na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Artigo 40. Variación do orzamento.

1. O réxime de variacións orzamentarias será o establecido, con carácter xeral, para as entidades públicas empresariais na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. Non obstante o anterior, serán aprobadas polo Consello de Administración ou polo órgano en quen este delegue as modificacións internas dos orzamentos que non incrementen a súa contía e sexan consecuencia das necesidades xurdidas durante o exercicio.

Artigo 41. Contas anuais.

As contas anuais en que se deberá incluír a proposta de aplicación de resultados xunto co informe de xestión e o informe a que se refire o artigo 129.3 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, relativo ao cumprimento das obrigas de carácter económico-financiero que asume como consecuencia da súa pertenza ao sector público, serán sometidas ao Consello de Administración polo seu presidente, para a súa aprobación antes de finalizar o primeiro trimestre do ano seguinte. Esta aprobación deberase producir antes de finalizar o primeiro semestre do dito ano.

Artigo 42. Aplicación de resultados.

O excedente que supoña, anualmente, a conta de resultados de ADIF-Alta Velocidad imputarase, por acordo do Consello de Administración, ao financiamento de investimentos e á redución do endebedamento, segundo o establecido no orzamento de capital. O remanente que, de ser o caso, resulte ingresarase no Tesouro Público, logo de detracción dun 20 por 100 do seu importe anual, que estará destinado a crear un fondo para cubrir as futuras necesidades de organización e operativas da citada entidade pública empresarial. O dito fondo dotarase ata que alcance un máximo dun 10 por 100 dos gastos da conta de explotación do último exercicio pechado e na súa aplicación respectaranse os preceptos legais que correspondan.

Artigo 43. Réxime tributario.

ADIF-Alta Velocidad quedará sometido ao réxime tributario propio das entidades públicas empresariais, coas particularidades previstas na súa norma de creación e na Lei do sector ferroviario.

De acordo co establecido no parágrafo anterior, o réxime aplicable a ADIF-Alta Velocidad respecto do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, en todas as súas modalidades, será o previsto no artigo 45.I.A).a) do Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.